



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Uso profesional do galego	Código	616G01041	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Peres Vigo, Alexandre	Correo electrónico	alexandre.pvigo@udc.es	
Profesorado	Peres Vigo, Alexandre	Correo electrónico	alexandre.pvigo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia fornece formación teórico-práctica no uso instrumental da lingua galega nas súas modalidades oral e escrita, atendendo fundamentalmente ás necesidades expresivas do ámbito profesional da comunicación audiovisual.</p> <p>Alén disto, preténdese potenciar no alumnado a capacidade comunicativa, o contraste de ideas e o pensamento crítico, ben como fomentar a aprendizaxe autónoma e o traballo cooperativo.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Transmitir mensaxes audiovisuais.	A1		
Realizar produtos audiovisuais.	A2		
Dominar diferentes técnicas relativas á creación e á produción audiovisual.	A7		
Ter coñecemento dos principais códigos da mensaxe audiovisual.	A12		
Expresarse con corrección, tanto a nivel oral como a nivel escrito, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.		B6	
Comprender e expresarse con corrección, a nivel oral e escrito, nun idioma estranxeiro.		B7	
Utilizar os instrumentos básicos das tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida.		B8	
Desenvolverse para formar parte dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria a fin de poder analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e ofrecer solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.		B9	
Ser capaz de comprender a relevancia da cultura emprendedora e de coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.			C1
Valorar de maneira crítica o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñíbel para resolver os problemas que deben encararse no exercicio da profesión.			C2
Aceptar como cidadán/á e como profesional a relevancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C3
Ser capaz de desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, para poder analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e ofrecer solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Expresión oral	1.1. Vocalismo e consonantismo 1.2. Modelos de entoación 1.2. Dicción e locución 1.3. Estratexias de comunicación oral



2. Expresión escrita	2.1. O estándar ortográfico e morfolóxico. Aproximación á normativa da lingua galega 2.2. Un modelo culto para o galego: a necesidade da diferenza (exemplificación nalgúns fenómenos: CD sen ?a?, infinitivo flexionado, futuro do subxuntivo etc.) 2.3. Principais particularidades da lingua escrita
3. Tipoloxía discursiva	3.1. Textos escritos e textos orais formais // Planificación, redacción e revisión de textos monolóxicos (presentacións) e dialóxicos (debates, mesas redondas) // Xéneros discursivos nos medios de comunicación 3.2. Linguaxe de especialidade: o galego profesional no ámbito da comunicación audiovisual // Vocabulario técnico e fraseoloxía
4. Comunicación non verbal	4.1. Linguaxe corporal 4.2. Cortesía 4.3. Técnicas de dramatización

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A2 A7 A12 B6 B7 B8 B9 C2 C4	6	36	42
Sesión maxistral	A7 A12 B9 C1 C2	14	15	29
Obradoiro	A1 A2 A7 A12 B6 B7 B8 B9 C2 C3 C4	17	16	33
Presentación oral	A1 A12 B6	2	18	20
Proba mixta	A1 A7 B6 B8 C2	3	20	23
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O/a estudante deberá entregar un traballo colectivo (máximo, 3 estudantes por grupo), fixado polo profesorado no inicio do curso. Con este traballo preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e a colaboración entre o alumnado.
Sesión maxistral	As sesións maxistrais consistirán en exposicións orais de carácter teórico-práctico á volta dos contidos básicos da materia. Nestas aulas utilizaranse diversos textos seleccionados especificamente para a análise e a comprensión dos contidos; resolveranse as dúbidas a respecto dos temas propostos e facilitarase bibliografía específica. Nestas sesións guiarase o alumnado no proceso de aprendizaxe e mostraranse recursos que faciliten o desenvolvemento do traballo autónomo.
Obradoiro	Os obradoiros son aulas centradas no desenvolvemento de prácticas de produción escrita (resolución de exercicios, corrección e elaboración de textos).
Presentación oral	Os/as alumnos/as deberán presentar oralmente o traballo colectivo. Nesta proba oral poderán empregarse textos, deseños ou materiais audiovisuais como apoio.
Proba mixta	Proba con exercicios de diferente tipo en que se avalían os coñecementos e as competencias adquiridas a través das sesións maxistrais e das aulas de obradoiro.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	<p>Para a realización dos traballos tutelados, é fundamental que o/a alumno/a informe periodicamente tanto dos seus progresos como das súas dificultades co obxectivo de atinxir unha orientación adecuada.</p> <p>Alén diso, o/a estudante poderá realizar todo tipo de consultas a respecto do desenvolvemento do traballo, quer no horario de atendimento quer por medio do correo electrónico ou, mediante cita previa, a través da plataforma Teams.</p> <p>A atención personalizada, polos medios indicadas, é especialmente relevante e necesaria no caso do alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica.</p>
---------------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A7 A12 B6 B7 B8 B9 C2 C4	O profesorado encomendará un traballo tutelado, que será realizado de forma colaborativa por grupos de até 3 persoas. No traballo aplicaranse os coñecementos adquiridos sobre lingua galega a algún proxecto relacionado coa comunicación audiovisual.	40
Obradoiro	A1 A2 A7 A12 B6 B7 B8 B9 C2 C3 C4	Ao longo do cuadrimestre serán realizados diferentes exercicios prácticos na sesións presenciais. Serán avaliados a súa entrega, o uso adecuado dos recursos e metodoloxías suxeridas e a progresión no proceso de aprendizaxe.	15
Presentación oral	A1 A12 B6	Os/as alumnos/as terán que realizar unha presentación oral do traballo colectivo, orientada á demostración da súa competencia comunicativa.	10
Proba mixta	A1 A7 B6 B8 C2	Nesta proba o alumnado terá que realizar diferentes exercicios de corrección e produción de textos, para avaliar os coñecementos e competencias adquiridas durante todo o cuadrimestre.	35

Observacións avaliación
<p>1. O traballo tutelado, a presentación oral e a proba mixta teñen carácter obrigatorio. Para superar a materia será condición indispensábel obter unha cualificación mínima de 4 puntos, sobre 10, tanto no traballo tutelado como na proba mixta. Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final do traballo tutelado se este for entregado fóra de prazo sen causa xustificada.</p> <p>2. Considerarase non presentado na materia quen non entregar o traballo tutelado, non fixer a presentación oral e/ou non se presentar á proba mixta.</p> <p>3. Calquera falta de honradez académica (plaxio, utilización de textos ou ideas doutros autores sen indicar a procedencia, copia en tarefas, traballos ou outras variábeis destas características) será penalizada coa anulación total da actividade de que se trate.</p> <p>4. Na segunda oportunidade (convocatoria de xullo) será aplicado o mesmo sistema de avaliación da primeira convocatoria. Os/as estudantes que non superasen a materia terán que entregar o traballo tutelado só se este non foi entregado na convocatoria anterior ou se non obtivo unha cualificación mínima de 4 puntos, sobre 10. No seu caso, o prazo de entrega dos traballos concluirá na data oficial do exame da materia establecida pola facultade.</p> <p>5. O estudiantado a tempo parcial e con dispensa académica será avaliado da seguinte maneira: traballo tutelado (60%) e proba mixta (40%). O prazo de entrega dos traballos concluirá na data oficial do exame da materia establecida pola facultade.</p> <p>6. O alumnado que se presente á convocatoria adiantada de decembro será avaliado co mesmo sistema previsto para o estudiantado a tempo parcial e con dispensa académica. Deberá entrar en contacto co profesor antes de acabar o mes de novembro.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>GRAMÁTICASÁlvarez Blanco, R. / Xove, X. (2002): Gramática da lingua galega (Vigo: Galaxia).Freixeiro Mato, X. R. (2006) [1998]: Gramática da lingua galega. I. Fonética e fonoloxía (Vigo: A Nosa Terra).Freixeiro Mato, X. R. (2006) [1999]: Gramática da lingua galega. III. Semántica (Vigo: A Nosa Terra).Freixeiro Mato, X. R. (2006) [2000]: Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe (Vigo: A Nosa Terra).Freixeiro Mato, X. R. (2006) [2003]: Gramática da lingua galega. IV. Gramática do texto (Vigo: A Nosa Terra).Hermida Gulías, C. (2004): Gramática práctica (Morfosintaxe) (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).López Viñas, X. / Lourenço Mória, C. / Moreda Leirado, M. [2010] (2011): Gramática Práctica da Lingua Galega. Comunicación e Expresión (A Coruña: Baía Edicións).DICIONARIOSCarballeira Anllo, X. M. (2009): Gran Dicionario Xerais da Lingua (Vigo: Xerais).Ledo Cabido, B. (dir.) (2004): Dicionario de galego (Vigo: Ir Indo).López Taboada, C. / Soto Arias, M. R. (2008): Dicionario de fraseoloxía galega (Vigo: Xerais).Pena, X. R. (coord.) (2004): Gran dicionario Cumio da lingua galega (Vigo: Edicións do Cumio).Pena, X. R. (coord.) (2005): Gran dicionario Século XXI da lingua galega (Vigo: Galaxia / Edicións do Cumio).CADERNOS DE EXERCICIOSMedrano Martínez, C. I. (ed.) (2006): Proxecto Artello. Ortografía 1 (A Coruña: Rodeira-Grupo Edebé).Medrano Martínez, C. I. (ed.) (2006): Proxecto Artello. Ortografía 2 (A Coruña: Rodeira-Grupo Edebé).Pena, X. R. / Rosales, M. [1987] (2006): Manual e exercicios de galego urxente (Vigo: Edicións Xerais de Galicia).</p>
Bibliografía complementaria	<p>Briz Gómez, Antonio (coord.) (2008). Saber hablar (Madrid: Aguilar).Domínguez Dapena, Cristina (2004): Técnicas de expresión oral. O uso expresivo da voz (Vigo: Galaxia).Estrela, E. / Soares, M. A. / Leitão, M. J. (2003): Saber Escrever. Saber Falar. Um guia completo para usar correctamente a língua portuguesa (Lisboa: Dom Quixote).Gimeno Terraza, I. (coord.) (2000): Expresión oral. Hablar bien en público (Barcelona: Larousse). Gomes, A. / Cavacas, F. (2005): Escutar. Falar. Oralidade, Lisboa (Lisboa: Clássica Editora).González Rei, B. (2004): Ortografía da lingua galega (A Coruña: Galinova Editorial). Hermida, A. (2006): Manual de conxugación verbal da lingua galega (Vigo: Galaxia / Edicións do Cumio).Hernández Guerrero, J. A. / García Tejera, M. C. (2004): El arte de hablar. Manual de Retórica Práctica y de Oratoria Moderna (Barcelona: Ariel).Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (2005) [1982]: Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (Santiago de Compostela: ILG / RAG).Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (2004): Vocabulario ortográfico da lingua galega (Santiago de Compostela: ILG / RAG). Edición dixital en http://www.realacademiagalega.org/volgaLosada Aldrey, M. C. / Cid Fernández, A. / Fernández Carballido, X. (2017). Para dar trela. Manuel práctico de fraseoloxía galega (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades). Edición dixital en http://www.cirp.gal/pub/docs/frase/para_dar_trela.pdfMorales, C. J. (2001): Guía para hablar en público (Madrid: Alianza).Pazó Fernández, Edith (2005). Dicionario galego de televisión (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, CRTVG). Edición dixital en http://www.cirp.es/pub/docs/cite/dicTV.pdfRegueira, X. L. (2005): "Estándar oral". En Álvarez e Monteagudo (eds.): Norma lingüística e variación: 69-95 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).Regueira, X.L. (2012). Oralidades. Reflexións sobre a lingua falada no século XXI (A Coruña: RAG).Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (2006): Criterios para o uso da lingua (A Coruña: Universidade da Coruña).Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña (2006): Sobre a calidade da nosa lingua (A Coruña: Universidade da Coruña).Scott, Bill (2000): La comunicación oral y escrita para directivos y profesionales (Deusto: 2000).</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías